



FINAL GALEGA DE NADA E CORRE 2024

REGULAMENTO

- **Organiza**

Club Natación Ribeira

- **Colaboración**

Concello de Ribeira

Secretaría Xeral para o Deporte

Protección Civil de Ribeira

Federación Galega de Triatlón e Pentatlón

Moderno Deputación da Coruña

- **Data, hora e lugar**

Domingo 15 de Decembro do 2024 a partir das 10:00.

Complexo Deportivo Municipal A Fieiteira. Ribeira.

. Natación na piscina “María Vilas”

. Carreira a pé na pista de atletismo “Ana Peleteiro”

- **Secretaría da competición**

Entrada principal do complexo deportivo.

- **Participantes**

Participarán os clasificados e clasificadas en cada proba zonal.

Para poder participar na Final Galega será obrigatorio estar en posesión da licenza federativa anual de Triatlón ou Pentatlón Moderno, en vigor ao remate do prazo de inscrición.

- **Recollida de dorsais e acreditacións**

Os dorsais serán entregados ao/á adestrador/a responsable de cada club.

Entregaranse na Secretaría da competición de 9:00 a 9:45 o día da proba.

A comunicación de non presentados farase no momento da recollida de dorsais.

- Clasificación xeral por equipos

A clasificación xeral por equipos farase mediante un remuda mixta.

Cada club presentara unha Remuda Mixta de 6 participantes, 3 femininos e 3 masculinos, e a orde relevista será a seguinte: 1º alevín feminino, 2º alevín masculino, 3º infantil feminino, 4º infantil masculino, 5º cadete feminino e 6º cadete masculino.

No caso de non ter clasificados/as nunha categoría, poderá substituírse o/a deportista por un/una clasificado/a de outra categoría inferior, e sempre de igual sexo.

No caso de non ter o número de clasificados/as suficientes para formar equipos poderán levar un/una deportista sen clasificar só para participar na remuda.

Cada club poderá presentar unha Remuda Inclusiva de 3 participantes, un feminino, un masculino e un inclusivo .

- Horarios

Quecemento da natación a partir das 9:00

Quecemento da carreira a pé a partir das 12:00

CATEGORÍA	ANOS	NATACIÓN	HORA**	CARREIRA	HORA**
PREBENXAMÍN	2016-2017	25m	10:00	250m	12:30
BENXAMÍN	2014-2015	50m	10:15	500m	12:45
ALEVÍN	2012-2013	100m	10:45	500m	13:00
INFANTIL	2010-2011	200m	11:00	1000m	13:15
CADETE	2008-2009	300m	11:15	1500m	13:30
REMUDA MIXTA	2Alv+2Inf+2Cad	6x50m	11:30	6x400m	14:00

Entrega de premios as 14:30

** os horarios son aproximados, poden xurdir variacións polo desenvolvemento da propia competición.

- Inscricións

Apertura de inscricións o venres 29 de Novembro as 10:00

Peche de inscricións o martes 10 de Decembro as 23:59

Para poder validar a inscrición na proba, será obligatoria a introducción dos tempos de natación, na distancia correspondente, para a elaboración das series (formato 0000 – minutos e segundos seguidos)

Formalizaranse a través da páxina web www.fegatri.org, dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, [accedendo](#) á proba de referencia e cubrindo os datos solicitados en cada caso.

- Técnico/a responsable

Cada club deberá designar una persoa técnica/delegada, con licenza federativa que será o/a responsable do Club fronte a calquera incidencia da competición. A inscrición realizarase a través da plataforma de inscricións, no apartado de acreditacións.

- **Comunicación de baixas**

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 14:00 do mércores anterior a proba, 6 de decembro do 2023. As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas con 2 euros. Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas.

A lista definitiva de persoas inscritas publicárase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior a proba.

- **Cronometraxe**

A cronometraxe será manual nas probas de natación e de carreira a pé. Contarase ca presenza de xuíces da FEGATRI.

- **Premios**

Recibirán medallas/trofeos os 3 primeiros clasificados individuais por categoría e sexo. Recibirán medallas/trofeos os 3 primeiros clubs clasificados.

- **Servizos médicos e seguros deportivos**

As persoas participantes contarán co correspondente seguro deportivo.

<http://fegatri.org/seguro-deportivo/>

- **Normas de competición**

A proba rexeráse polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e P.M. e da Federación Española de Tríatlon: <http://fegatri.org/regulamento-deportivo>

- **Reclamacións e apelacións**

Segundo o procedemento de reclamación/apelación probas FEGATRI

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

- **Normas xerais**

A proba rexeráse polas normas de competición FEGATRI

A competición consistirá de dúas probas, nadar e correr.

A natación efectuarase en series según os tempos de natación facilitados no momento da inscrición, por categoría e sexo.

A carreiras a pé serán separadas por categoría e sexo.

A clasificación final será o resultado da suma dos tempos de natación e carreira, sendo o primeiro clasificado o que obtén o menor tempo total e así sucesivamente.

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense a cumprilos. Así mesmo, manifestan ser respetuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

No incumplimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización, xuíces ou oficiais para que sexa motivo de amonestación ou descalificación.

A organización reservase o dereito a facer modificacións, comunicándoo previamente aos interesados, de calquer aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.